As obras solicitadas consisten na colocación de marcos prefabricados de sección 2x1 m en dous puntos do río Fonsín, con 6 m de lonxitude en cada un deles, en substitución dos colectores actuais, no lugar de Fonsín, zona de Pontellas, parroquia de Baión, no Concello de Vilanova de Arousa (Pontevedra).

O que se fai público para xeral coñecemento por un prazo de vinte días contados a partir do seguinte día á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia do presente anuncio, co fin de que os que se consideren prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Vilanova de Arousa e nas oficinas do Organismo Autónomo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, sitas na rúa San Salvador, nº 2-4º andar oficinas (Pza. Fernando Católico), en Vigo, onde se atopa exposto o expediente para que poida ser examinado por quen o desexe.

Vigo, 24 de marzo de 2009.—O xefe de Área de Autorizacións e Concesións, Alberto Bosquet Herberos. **2009003421**

## INFORMACIÓN PÚBLICA

## A N U N C I O

*Expediente de clave:* DH.W36.15663.

A Entidade Local de Bembrive con NIF P36000091, con endereço na praza de Mosteiro, 1 de Mosteiro-Bembrive (Santiago) de Vigo (Pontevedra), de conformidade co artigo 78/126 do Regulamento de dominio público hidráulico, solicita autorización para a valoración da senda do río Eifonso, no lugar de Mourelle, na parroquia de Bembrive, no Concello de Vigo (Pontevedra).

As obras solicitadas consisten na construción dunha senda de 3,1 qm, a dita ruta transcorre por zona forestal próxima ao río, partindo da estrada de Bembrive, no lugar de Mourelle ata a Fraga, pasando por baixo do segundo cinto de circunvalación (entre a capela e o aserradeiro). O camiño terá un ancho mínimo de 1,5 m, suavizando as pendentes actuais. A senda preténdese utilizar para as seguintes actividades: excursionismo, marcha e sendeirismo.

As obras contemplan a construción de pasos sobre o río mediante pasarelas de madeira, ponte de madeira no qm. 09 de 4,5 m de luz e 9,6 m de lonxitude total, ponte de madeira no qm. 1,1 de 7 m de lonxitude, paso sobre o canal de muiño de 3 m de luz e 7,6 m de lonxitude total e ponte de madeira no qm. 2,1 de 5 m de lonxitude; na área da ferrenza se fará unha estrutura de madeira ao redor do muiño existente duns 60 m<sup>2</sup>; desbroce das marxes das sendas, e pequenos muretes con semitroncos de madeira cunha altura media de 60 cm e instalación de sinalización da ruta e paneis informativos en madeira, así como na reforestación con especies autóctonas ao longo e ancho da senda.

Así mesmo se delimitará o camiño en diversos puntos con balados de madeira.

O que se fai público para xeral coñecemento por un prazo de vinte (20) días contados a partir do se-

guinte día á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia do presente anuncio, co fin de que os que se consideren prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Vigo e nas oficinas do Organismo Autónomo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, sitas na rúa San Salvador, nº 2-4º andar, oficinas (Pza. Fernando Católico), en Vigo, onde se atopa exposto o expediente para que poida ser examinado por quen o desexe.

Vigo, a 14 de maio de 2009.—O xefe de Área de Autorizacións e Concesións, Alberto Bosquet Herberos. **2009005469**

---

## INFORMACION PUBLICA

### A N U N C I O

*Expediente de clave:* DH.W36.15545.

Gas Natural Transporte SDG, S.L., con CIF A28520278, con enderezo en Avda. América, 38, planta 4, de Madrid, de conformidade co artigo 78/126 do Regulamento de dominio público hidráulico, solicita autorización para instalación de Gaseoducto de Transporte Secundario á Comarca do Barbanza en zonas de servidume e policía dos ríos Louro e Ulla, no Concello de Valga (Pontevedra).

As obras solicitadas consisten na instalación de tubería de aceiro de diámetro 10" da obra "Gaseoducto de Transporte Secundario á Comarca do Barbanza", con cruces do río Louro nunha lonxitude de 20 m a unha profundidade mínima de 2,00 m e cruce do río Ulla cunha lonxitude de 402 m, mediante perforación dirixida, a unha profundidade mínima de 8,00 m, e colocación de tubaxes de conducción de gas en gabia a unha profundidade mínima de 1,00 m en zonas de servidume e policía dos ríos Louro e Ulla. A situación dos cruces é a reflec-tida no proxecto de contrución.

O que se fai público para xeral coñecemento por un prazo de vinte (20) días contados a partir do seguinte día á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia do presente anuncio, co fin de que os que se consideren prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Valga e nas oficinas do Organismo Autónomo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, sitas na rúa San Salvador, nº 2-4º andar, oficinas (Pza. Fernando Católico), en Vigo, onde se atopa exposto o expediente para que poida ser examinado por quen o desexe.

Vigo, 28 de abril de 2009.—O xefe de área de Autorizacións e Concesións, Alberto Bosquet Herberos. **2009004963**

## INFORMACIÓN PÚBLICA

### A N U N C I O

*Expediente de clave:* DH.W36.15617.

Don Alejandro Lorenzo Souto con NIF 35478724M, con enderezo en Avda. As Carolinas, nº 90, 1º, de Vilagareía de Arousa (Pontevedra) de conformidade co artigo 78/126 do Regulamento de dominio público hidráulico, solicita autorización para a construción de vivenda unifamiliar en zona de policía do río Ameixeiras, no lugar de Cardín, parroquia de Sto. Estevo de Saiar, no Concello de Caldas de Reis (Pontevedra).

As obras solicitadas consisten na construción de vivenda unifamiliar con planta semisoto, baixa e 1º andar, con planta de 13,40 m x 12,40 m, e fosa séptica, a unha distancia mínima de 45 e 42.90 m respectivamente do río Ameixeiras, na parcela 1188 polígono 12 do Catastro, no lugar de Cardín, parroquia de Saiar, no Concello de Caldas de Reis (Pontevedra).

O que se fai público para xeral coñecemento por un prazo de vinte (20) días contados a partir do seguinte día á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia do presente anuncio, co fin de que os que se consideren prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Caldas de Reis e nas oficinas do Organismo Autónomo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, sitas na rúa San Salvador, nº 2-4º andar - oficinas (Pza. Fernando Católico), en Vigo, onde se atopa exposto o expediente para que poida ser examinado por quen o desexe.

Vigo, 5 de maio de 2009.—O xefe de área de Autorizacións e Concesións, Alberto Busquet Herberos. **2009005215**

---

## INFORMACIÓN PÚBLICA

### A N U N C I O

*Expediente de clave:* DH.W36.15503.

Don José Cascallar Crespo con NIF 35344309W, con enderezo en Soutelo de Arriba, 17, Saiar, de Caldas de Reis (Pontevedra), de conformidade co artigo 78/126 do Regulamento de dominio público hidráulico, solicita autorización para a construción de muro en zona de policía do río afluente do Umia, na parroquia de Saiar no Concello de Caldas de Reis (Pontevedra).

As obras solicitadas consisten na construción de muro de protección da parcela 1202 polígono 13 da concentración parcelaria no lugar de Edreira, na parroquia de Saiar, de 20 m de lonxitude, nunha altura máxima de 1 m de pedra a unha distancia mí-

nima de 5 m do dominio público hidráulico do regato afluente do río Umia.

O que se fai público para xeral coñecemento por un prazo de vinte (20) días contados a partir do seguinte día á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia do presente anuncio, co fin de que os que se consideren prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Caldas de Reis e nas oficinas do Organismo Autónomo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, sitas na rúa San Salvador, nº 2-4º andar - oficinas (Pza. Fernando Católico), en Vigo, onde se atopa exposto o expediente para que poida ser examinado por quen o desexe.

Vigo, a 29 de abril de 2009.—O xefe de Área de Autorizacións e Concesións, alberto Bosquet Herberos. **2009005045**

---

## INFORMACIÓN PÚBLICA

### A N U N C I O

*Expediente de clave:* DH.W36.15509.

Estructuras Estrupsa, S. L. con CIF B36551893 con enderezo no Lugar do Pombal, 12, Adigna-Portonovo, de Sanxenxo (Pontevedra) de conformidade co artigo 78/126 do Regulamento de dominio público hidráulico, solicita autorización para a construción de nave de almacén e muro de peche de parcela en zona de policía do rego do Carballo no polígono industrial de Nantes, no Concello de Sanxenxo (Pontevedra).

As obras solicitadas consisten na construción de nave de almacén de materiais da construción e muro de peche da parcela 42 do polígono industrial de Nantes-Sanxenxo, a unha distancia mínima do rego de Carballo de 6,76 e 5 m, respectivamente. A nave terá 11,000 m<sup>2</sup> de superficie máxima e altura máxima 11 m; o muro será de pedra cunha altura máxima de 2 m.

O que se fai público para xeral coñecemento por un prazo de vinte (20) días contados a partir do seguinte día á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia do presente anuncio, co fin de que os que se consideren prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Sanxenxo e nas oficinas do Organismo Autónomo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, sitas na rúa San Salvador, nº 2-4º andar - oficinas (Pza. Fernando Católico), en Vigo, onde se atopa exposto o expediente para que poida ser examinado por quen o desexe.

Vigo, 08 de abril de 2009.—O xefe de área de Autorizacións e Concesións, Alberto Bosquet Herberos. **2009004133**

## INFORMACIÓN PÚBLICA

### A N U N C I O

*Expediente de clave:* DH.W36.15555.

O Concello de Valga con enderezo na Avda. da Coruña, 14 de Valga (Pontevedra), de conformidade co artigo 78/126 do Regulamento de dominio público hidráulico, solicita autorización para a construción de pasos peonís inferiores e camiños de servizo da línea FF.CC. Redondela-Santiago termo Valga (Pontevedra).

As obras solicitadas consisten na execución de obra “pasos peonís inferiores e camiños de servizo da línea FF.CC. Redondela-Santiago. Termo Valga (Pontevedra) no contorno do río Valga, no lugar e parroquia de Campaña, no Concello de Valga (Pontevedra) coa construción de marco bicelular de 10x2,50 m libres, e lonxitude 16 m, e prolongación de obras de drenaxe transversal, OD-3 con marco de 2x1 m e lonxitude 18.00 m; OD-4 marco 2x1 e lonxitude 8,00 m; OD-2 marco 2x1 e lonxitude 8 m; OD-1 marco de 2x1 e lonxitude 10 m e execución de camiños de servizo a ambos lados da vía do tren en zona de policía en 320 m a cada beira e anchura 4.00 m.

O que se fai público para xeral coñecemento por un prazo de vinte (20) días contados a partir do seguinte día á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia do presente anuncio, co fin de que os que se consideren prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Valga e nas oficinas do Organismo Autónomo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, sitas na rúa San Salvador, nº 24º andar - oficinas (Pza. Fernando Católico), en Vigo, onde se atopa exposto o expediente para que poida ser examinado por quen o desexe.

Vigo, 12 de maio de 2009.—O xefe de Área de Autorizacións e Concesións, alberto Busquet Herberos. **2009005472**

---

## INFORMACIÓN PÚBLICA

### A N U N C I O

*Expediente de clave:* DH.W36.14703.

A Consellería de Medio Rural, Distrito Forestal XVI: Deza-Tabeirós con enderezo no Parque Empresarial Lalín 2000-Centro Comarcal Deza de Lalín (Pontevedra) de conformidade co artigo 78/126 do Regulamento de dominio público hidráulico, solicita autorización para a colocación dunha taxa de PVC na zona de dominio público hidráulico e servidume do rego da Toca no Concello de Lalín (Pontevedra).

As obras solicitadas consisten na colocación dunha taxa de PVC de 0.80 m de diámetro e 6 m de lonxitude no rego da Toca, na parcela núm. 325 do polígono 136 do catastro de rústica de Rodeiro.

O que se fai público para xeral coñecemento por un prazo de vinte (20) días contados a partir do seguinte día á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia do presente anuncio, co fin de que os que se consideren prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Lalín e nas oficinas do Organismo Autónomo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, sitas na rúa San Salvador, nº 2-4º andar oficinas (Pza. Fernando Católico), en Vigo, onde se atopa exposto o expediente para que poida ser examinado por quen o desexe.

Vigo, 10 de decembro de 2008.—O xefe de Área de Autorizacións e Concesións, Alberto Busquet Herreros. **20080012987**

## A N U N C I O

*Expediente clave: DH.W36.15738*

A UTE Vigo das Maceiras, con CIF U84895242, con enderezo crtra. de Redondela-Peinador km 1,6 (nº 9) San Esteban de Negros de Redondela, de conformidade co artigo 78/126 do Regulamento de dominio público hidráulico, solicita autorización para obras de paso provisional sobre o río Cabeiro.

As obras solicitadas consisten no paso provisional durante dous anos sobre o río Cabeiro ou Maceiras en San Esteban de Negros (Redondela) formado por marcos prefabricados de 2,50 x 2,25 m de 10 m de lonxitude para poder acceder á zona de acopios das doelas para o túnel Redondela-Vigo do Eixo Atlántico de Alta Velocidade.

O que se fai público para xeral coñecemento por un prazo de vinte (20) días, contados a partir do seguinte día á data de publicación no Boletín Oficial da provincia do presente anuncio, co fin de que os que se consideren prexudicados poidan presentalas súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Redondela, e nas oficinas do Organismo Autónomo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, sitas na rúa San Salvador, nº 2-4º andar - oficinas (Pza. Fernando Católico), en Vigo, onde se encontra exposto o expediente para que poida ser examinado por quen o desexe.

Vigo, 22 de maio de 2009.—O Xefe de Área de Autorizacións e Concesións, Alberto Bosquet Herreros. **2009005967**

## Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

AUGAS DE GALICIA

DEMARCAÇÃO GALICIA SUR

INFORMACIÓN PÚBLICA

A N U N C I O

*Expediente de clave: DH.W36.15421.*

O Concello de Forcarei con CIF-P3601800J con enderezo en praza da Igrexa, nº 1 de Forcarei (Pontevedra) de conformidade co artigo 78/126 do Regulamento de dominio público hidráulico, solicita autorización para obras de urbanización da ampliación do polígono industrial de Vilapouca en zona de policía do regueiro do Mesón, no lugar de Vilapouca, na parroquia de Ventoso, no Concello de Forcarei (Pontevedra).

As obras solicitadas consisten na ampliación da urbanización do polígono industrial de Vilapouca nun terreo de S=115.646 m<sup>2</sup> executando un vial central L=560 m e 16 m de ancho (7 m de calzada, 2,50 de aparcamentos e 2 m de beirarrúas) a unha distancia mínima de 32 m do dominio público hidráulico para dar servizo a 21 parcelas e 11.500 m<sup>2</sup> de zona verde cun movemento de terras de 93.297 m<sup>3</sup> de excavación e 296.294 m<sup>3</sup> de terraplén.

Muro de contención de bloques de granito de L=252 m e altura 4 m a unha distancia mínima de 6,24 m dph cun talude 10H:3V continuando co terraplén das terras con 1H:1V.

Rede pluviais con tubaría de PVC D=400 mm L=950 m 30 pozos e un tanque de tormenta de 17,50 x 6,50 x 3,20 m situado a 16,77 m dph.

Coletores de saneamento tubaría de PVC de 315 mm L=1.080 m 28 pozos até o EDAR compacta de 12x7,50 m tipo SMA con biolóxico e ozono para a desinfección a 12,08 m do dph.

*Rede de abastecemento.* Conéctase á rede existente cunha L=685 m D comprendidos entre 200 e 50 mm.

*Alumeado viario:* Instalación eléctrica subterránea baixo beirarrúas en conductos de D125 mm.

Centro de transformación con 2 trazos de 400 KVAS en edificio prefabricado a 149 m do dph con instalación de conductores subterráneos de media tensión e redes de telecomunicacións.

Finalmente na zona de esparcemento sembra de céspede, plantación de árbores autóctonos e senda peonil con firme de zahorra nunha lonxitude de 629 m dos cales 290 transcorren pola zona de servidume.

O que se fai público para xeral coñecemento por un prazo de vinte (20) días contados a partir do se-

guinte día á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia do presente anuncio, co fin de que os que se consideren prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Forcarei e nas oficinas do Organismo Autónomo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, sitas na rúa San Salvador, nº 2-4º andar - oficinas (Pza. Fernando Católico), en Vigo, onde se atopa exposto o expediente para que poida ser examinado por quen o desexe.

Vigo, 18 de maio de 2009.—O xefe de Área de Autorizacións e Concesións, Alberto Bosquet Herberos. **2009005714**

## Deputación Provincial

*Extractos de acordos adoptados pola Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial en sesión celebrada o día 3 de xuño de 2009.*

- 1.—Apróbase o borrador da acta da anterior sesión ordinaria do día 27 de maio do ano 2009.
- 2.—Concédesse prórroga para a xustificación da subvención de arranxo de vivenda aprobada pola Xunta de Goberno do 23/07/2008 a favor de Dna. Rosa Fraiz Rivas, veciña do Concello da Estrada.
- 3.—Apróbase o cambio de aplicación solicitado polo Concello de Oia da obra incluída no PSA/2006-2008, anualidade 2007-08 nº 87-81/1211 “Construción depósito de auga en Mougás”, para a obra núm. 137-121/1239 “Rede de abastecemento municipal de auga potable na parroquia de Mougás”.
- 4.—Adxudícase provisionalmente a contratación dun seguro de asistencia sanitaria para funcionarios de carreira integrados da Deputación Provincial de Pontevedra.
- 5.—Adxudícase provisionalmente a contratación dos servizos de asistencia técnico educativa dos campamentos no Centro de Vacacións A Lanzada para o verán do ano 2009.
- 6.—Apróbase o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra, o Concello de Vilanova de Arousa e a Confraría de Pescadores de Vilanova para a realización da reforma da “Casa do Pescador”.
- 7.—Apróbase o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Confraría de Pescadores “San Xulián” da Illa de Arousa, para adecuación e reforma do local social.
- 8.—Acórdase a devolución de garantías definitivas.
- 9.—Desestímase reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dona María Rita Rodríguez Chamochín por danos persoais padecidos na rúa Churruca de Vigo.
- 10.—Comunicacións: non houbo.

*Fóra da orde do día:*

- 11.—Concédesse subvencións do Programa Diúrno de Balnearios 2009, campaña de primavera (7º grupo).
- 12.—Apróbanse as bases reguladoras das subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social para proxectos de Servizos Sociais Especializados-ano 2009.
- 13.—Apróbase o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e Caixanova (plan cultural 2009 e actividades socioculturais).
- 14.—Apróbase o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a “Asociación Española de la Carretera” para a organización e celebración do XX Symposium Nacional de Vías e Obras da Administración Local (VYODEAL).
- 15.—Adxudícase definitivamente a obra de “Proteccion vial pk 0+000 a 0+560 E.P. 2204 Sabaris-Belesar (Baiona)”.
- 16.—Recoñécese a obriga polo procedemento extraxudicial de crédito e declárase de aboo a axuda concedida a Uve-5 (Veñán Cinco, S.L.) para adquisición de 5.600 bolsas deportivas co logotipo da Deputación Provincial.
- 17.—Revócase parcialmente o acordo número 5.16948 da Xunta de Goberno de data 24/02/2009 relativo á “Reclamación de responsabilidade patrimonial de Mapfre Automóviles, S.A.
- 18.—Rogos e Preguntas: Non se formularon.

O Secretario, ilexible.—Vº e Pr. o Presidente, ilexible. **2009006476**

## AYUNTAMIENTOS

### CAMBADOS

#### EDICTO

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 01.06.2009, acordou aprobar as Bases que rexerán a convocatoria pública de subvencións municipais a “Entidades sen fin de lucro” para o ano 2009. Na

súa consecuencia, e en cumprimento do disposto polo artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, faise público o seu texto íntegro que é do seguinte tenor literal:

“CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS  
MUNICIPAIS A ENTIDADES SEN FINS  
DE LUCRO PARA O ANO 2009  
B A S E S

*Disposicións xerais*

1. Estas bases teñen por obxecto establece-los criterios e o procedemento para concede-las subvencións municipais, de acordo cos principios de publicidade, libre concorrência e igualdade para a realización de actividades que complementen ou suplan ás atribuídas á competencia municipal, ou que, en xeral contribúan ó fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do municipio de Cambados.

2. Os fins indicados anteriormente efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable; especialmente a prevista na Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións, e no Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**1. OBXECTO DA SUBVENCIÓN**

As subvencións obxecto desta convocatoria efectuaranse con cargo ás partidas orzamentarias :

- 451.489.02 Transferencias a entidades culturais: 20.000,00 €
- 452.489.03 Transferencias a entidades deportivas: 65.000,00 €
- 463.489.00 Transferencias a entidades benéfico-asistenciais: 30.000,00 €

O importe das axudas en ningún caso, poderá ser de tal contía que aisladamente, ou en concorrência con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

O período que se terá en conta, para a realización das actividades será o exercicio económico do 2009.

**2. SOLICITANTES**

Poderán solicitar estas subvencións as persoas xurídicas, asociacións, agrupacións veciñais ou comités organizadores que cumpran os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro.
- Desenvolve-las súas actividades preferentemente no termo municipal, ou no caso de efectuarse fora deste, deberá tratarse de actividades que suplan ou complementen ás atribuídas ó Concello de Cambados.

- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Cambados.
- Estar ó corrente das obrigas tributarias co Concello de Cambados.

**3. DOCUMENTACIÓN PARA A SOLICITUDE**

As solicitudes de subvención presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, segundo o formulario que se adxunta como Anexo I das presentes bases, debendo presentar a seguinte documentación:

- a) Descrición, orzamento e financiamento da actividade.
- b) Balance de ingresos e gastos do exercicio anterior, debidamente asinado polo representante da asociación.
- c) Certificación expedida pola Secretaría Xeral do Concello na que se acredite a súa inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións de interese veciñal.
- d) Fotocopia do DNI do Presidente da Entidade, ou do que teña conferida a delegación debidamente acreditada e fotocopia do CIF da Asociación.
- e) Declaración xurada da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería Territorial da Seguridade Social, acreditativos do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social (Anexo II). No suposto de que a contía a outorgar supere os 3.000 €, requirírase Certificados expedidos polos devanditos organismos.
- f) Declaración xurada de estar ó corrente das obrigas tributarias co Concello de Cambados e de non encontrarse incurso en ningunha das circunstancias de prohibición para a obtención da condición de beneficiario da axuda ou subvención, previstas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións (Anexo II).
- g) Certificado da entidade bancaria da conta corrente onde se deberá transferir o importe da subvención que puidera concederse.

**4. PRAZO DE SOLICITUDES**

As entidades interesadas poderán solicitar as subvencións no prazo dos trinta días seguintes naturais, contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

**5. CONCESIÓN DE SUBVENCIONS**

O procedemento a seguir será o regulado no Capítulo II do Título I da Lei 38/2003 de subvencións coas seguintes especialidades:

Unha vez rematado o prazo previsto na cláusula cuarta, as solicitudes de subvencións se distribuí-

rán entre os responsables do departamento máis afín por razón dos fines a satisfacer coa subvención (culturais, sociais, deportivos, etc.....) os cales deberán comprobar que os solicitantes presentan correctamente tódolos documentos esixidos e cumpren as condicións impostas para poder adquirir a condición de beneficiario.

As solicitudes que incumplan os requisitos documentais sinalados no apartado terceiro destas bases, non se admitirán a trámite, sen prexuízo da aplicación do artigo 71 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común, para a subsanación e mellora da solicitude: “Si a solicitude non reúne os requisitos que sinala o artigo anterior, requirirase ó interesado para que, nun prazo de dez días subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixera así, se lle terá desistido da súa petición, previa resolución.”

Sobre estes extremos, e a maior brevidade posible, emitirán un informe no que conste unha proposta de resolución motivando os criterios de reparto.

Tratándose de subvencións a entidades culturais sen ánimo de lucro os criterios de valoración para a súa concesión e para a fixación da súa contía serán:

1. Interese que teña o proxecto presentado para o desenvolvemento do Concello (ata 10 puntos).
2. Transcendencia e repercusión fora do ámbito municipal (ata 5 puntos).
3. Número de cidadáns beneficiados (ata 10 puntos).
4. A diversificación na programación de actividades (ata 10 puntos).
5. Carácter periódico ou permanente das actividades (ata 5 puntos)
6. Imposibilidade de realizar a actividade de non ser beneficiado pola subvención (ata 5 puntos).

No caso de subvencións a entidades deportivas, os criterios de reparto serán:

1. Representatividade do municipio (ata 10 puntos).
2. Nivel de actividade (categoría na que participa) (ata 10 puntos).
3. Número de fichas e de equipos federados (ata 10 puntos).
4. Número de inscritos nas escolas deportivas (ata 10 puntos).
5. Interese xeral e implantación social da actividade (ata 5 puntos).
6. Implicación financeira do solicitante na actividade a desenvolver. Valorarase neste punto o esforzo realizado polo club para a obten-

ción de fondos mediante imposición de cotas ós socios.....(ata 5 puntos).

7. Imposibilidade de realizar a actividade de non ser beneficiado pola subvención (ata 5 puntos).

Para as subvencións a entidades benéfico-asistenciais, fíxanse os seguintes criterios de reparto:

1. Que teñan como fin medidas para encamiñar e corrixir situacións de desigualdade (ata 10 puntos).
2. Que teñan como obxecto potenciar a participación das persoas que sufran algunha marginación en tódolos ámbitos da sociedade (ata 10 puntos).
3. Que as actividades programadas estean encamiñadas á integración socio-laboral dos colectivos que representen (ata 10 puntos).
4. Número de beneficiarios (ata 5 puntos).
5. A continuidade, estabilidade e solvencia demostrada pola entidade solicitante (ata 5 puntos).
6. Imposibilidade de realizar a actividade de non ser beneficiado pola subvención (ata 5 puntos).

O expediente e a proposta de resolución someterase a coñecemento da Comisión informativa correspondente, que emitirá o ditame que considere procedente.

Posteriormente someterase o expediente a informe xurídico e de fiscalización.

Á vista da proposta de resolución e do ditame da Comisión informativa correspondente, a Xunta de Goberno Local acordará o reparto definitivo das subvencións, mediante acordo motivado, atendendo ós criterios anteriormente sinalados.

A contía da subvención outorgada a cada asociación ou agrupación de cada área subvencionable, cando as condicións obxectivas das mesmas sexan similares (nº asociados, área territorial, etc.) deberá ser igual dentro do límite máximo determinado pola dispoñibilidade orzamentaria, debendo ser motivada as posibles desigualdades.

O outorgamento das subvencións terá carácter voluntario e a Xunta de Goberno Local poderá revocalas ou reducilas en calquera momento. En ningún caso poderán ser invocadas como precedente.

A resolución de concesión das subvencións será publicada no taboleiro de anuncios do Concello. Ademais lles será notificada ós interesados, e no caso de silencio administrativo entenderanse as solicitudes como desestimadas. A resolución porá fin a vía administrativa podendo os interesados interpoñer o recurso potestativo de reposición, ou no seu caso, recurso contencioso-administrativo nos termos recollidos na lexislación vixente.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver pola entidade beneficiaria.

6. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Serán obrigas das entidades beneficiadas:

- a) Realiza-las actividades obxecto de subvención. Calquera cambio deberá ser comunicado previamente por escrito para poder ser admitido.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación por parte do concello e as de control financeiro que corresponde á Intervención municipal, así como facilita-la información que o Consello de Contas de Galicia lles requira.
- c) Sinalar en todo tipo de publicidade que a actividade subvencionada conta co financiamento do Concello de Cambados, indicando "subvenciona Concello de Cambados".
- d) Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza dita concesión.

7. XUSTIFICACIÓN

A subvención que conceda o Concello de Cambados poderá financiar o 100% do custo da actividade subvencionada. Deste xeito, para poder percibir a subvención, a entidade deberá xustificar como mínimo o importe concedido.

No caso de que se xustifique un gasto inferior á cantidade concedida, aboarase a parte proporcional da subvención.

Antes do 30 de Novembro, as Asociacións beneficiarias deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello, a xustificación da conta polo importe da subvención concedida, segundo o formulario previsto no Anexo III, debendo acompañar a seguinte documentación:

- Instancia asinada polo presidente da entidade e dirixida ó Ilmo Alcalde-Presidente do Concello de Cambados, na que se solicite o pago da subvención no número de conta corrente indicada na solicitude.
- Memoria na que constará un listado das facturas da actividade desenvolvida, así como doutros ingresos que se teñan obtido para dita actividade.
- Facturas ou outros documentos xustificativos dos gastos efectuados, debendo estar expedidos ó nome da asociación, ou no seu caso ó cargo do Presidente da agrupación sen personalidade xurídica, ser orixinais ou fotocopias compulsadas, e estar datadas no ano 2009,

que é o ano no que se concede a subvención. As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D 1496/2003. Non se admitirán recibís por gastos de desprazamento nin albaráns.

- Declaración xurada de non ter obtido axudas doutras entidades públicas ou privadas para a realización das actividades expostas. No caso de terse obtido subvencións doutros organismos para a mesma finalidade, requirirase fotocopia de tales concesións.

De non presentala xustificación dentro do prazo establecido nestas bases entenderase que desiste da súa petición. No caso de que a xustificación presentada se estime insuficiente, o Concello requirirá a asociación no prazo de 10 días naturais, para que subsane os defectos apreciados. Si transcorrido dito prazo, non se producira a subsanación requirida, tal feito ocasionará a revogación da subvención e, en consecuencia o impago da mesma.

Unha vez xustificada correctamente a subvención, a cantidade concedida ingresarase na conta corrente indicada polo titular da Asociación ou Entidade subvencionada.

8. CONTROL DA SUBVENCIÓN

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei Xeral de Subvencións 38/2003, no seu Regulamento 887/2006, na Lei Xeral Presupostaria 47/2003, e demais normas concordantes, isto é, na Lei Orgánica 2/1982, de 12 de maio, do Tribunal de Contas e Lei Ordinaria do Consello de Contas de Galicia.

ANEXO I  
FORMULARIO SOLICITUDE SUBVENCIÓN

Dn/Dona .....  
 como representante do colectivo .....  
 con D.N.I nº .....con domicilio na rúa .....  
 ..... nº .....localidade .....  
 teléfono .....  
 SOLICITA a concesión dunha subvención por importe de ..... € para o desenvolvemento da/s actividade/s .....

DESCRICIÓN:

Finalidade:  
 \_\_\_\_\_  
 Persoas destinatarias:  
 \_\_\_\_\_  
 Características da actividade:  
 \_\_\_\_\_  
 Lugar:  
 \_\_\_\_\_

## ORZAMENTO E FINANCIAMENTO:

Custo total da actividade

Contribución da entidade

Subvención solicitada ó Concello

Subvencións solicitadas a outras Administracións

Outras achegas (empresas, cotas, etc....)

PARA O CAL SE ADXUNTA  
A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

- a) Balance de ingresos e gastos do exercicio anterior, debidamente asinado polo representante da asociación.
- b) Certificación expedida pola Secretaría Xeral do Concello na que se acredite a súa inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións de interese veciñal.
- c) Fotocopia do DNI do Presidente da Entidade, ou do que teña conferida a delegación debidamente acreditada e fotocopia do CIF da Asociación.
- d) Declaración xurada da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería Territorial da Seguridade Social, acreditativos do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social (Anexo II). No suposto de que a contía a outorgar supere os 3.000 €, requirírase Certificados expedidos polos devanditos organismos.
- e) Declaración xurada de estar ó corrente das obrigas tributarias co Concello de Cambados e de non encontrarse incurso en ningunha das circunstancias de prohibición para a obtención da condición de beneficiario da axuda ou subvención, previstas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións (Anexo II).
- f) Certificado da entidade bancaria da conta corrente onde se deberá transferir o importe da subvención que puidera concederse

Cambados,..... de .....de 20.....

(Sinatura)

Sr. Alcalde-Presidente do Ilmo. Concello de CAMBADOS

## ANEXO II

Dn./Dona .....  
como representante do colectivo .....

## DECLARA BAIXO XURAMENTO:

1. Que o presente Club deportivo/Asociación encontrase ó corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e coa Tesourería Territorial da Seguridade Social (\*\*).
2. Que o presente Club deportivo/Asociación encontrase ó corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Cambados, e que non se encontra incurso en ningunha das circunstancias de prohibición para a obtención da condición de beneficiario da axuda ou subvención, previstas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

E para que conste e surta os efectos oportunos, asina a presente declaración.

Cambados,..... de .....de 20.....

(Sinatura)

- (\*\*) Para o caso de que o importe da subvención concedida supere os 3.000 €, deberá aportarse necesariamente certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería Territorial da Seguridade Social, acreditativo do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

ANEXO III  
SOLICITUDE DE ABONO DE SUBVENCIÓN

Dn./Dona .....  
como representante do colectivo .....  
con D.N.I nº .....con domicilio na rúa .....  
..... nº .....localidade .....  
teléfono .....

EXPÓN: Que me foi concedida unha subvención polo Concello de Cambados por importe de .....  
..... €.

Aportando a seguinte documentación:

- Memoria na que conste un listado das facturas xustificativas da actividade desenvolvida.
- Orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas xustificativas.
- Declaración xurada doutras ingresos recibidos para o desenvolvemento da actividade.

Por todo o cal, SOLICITO: O abono da subvención concedida, debendo facerse o seu ingreso na conta bancaria indicada na solicitude.

En Cambados a..... de..... de 20.....

(Sinatura)

Sr Alcalde-Presidente do Concello de Cambados.  
Dn./Dona .....  
como representante do club deportivo/Asociación .....

DECLARA BAIXO XURAMENTO:  
(*sinalar cunha X*)

Que o presente Club deportivo/Asociación:

- Non recibiu ningún tipo de axuda de ningunha outra entidade pública ou privada para a realización das actividades expostas.
- Recibiu da entidade pública ou privada..... a cantidade de..... € para a realización das actividades expostas, e sen que o importe total das subvencións concedidas supere o custo da actividade subvencionada.

Achégase fotocopia de tales concesións.

E para que conste e surta os efectos oportunos, asino a presente declaración.

En Cambados a..... de..... de 20.....

(Sinatura)

Cambados, 2 de xuño de 2.009.—O Alcalde, Luis Aragunde Aragunde. **2009006288**

E D I C T O

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 01.06.2009, acordou aprobar as Bases reguladoras para a concesión de bolsas de ensino do curso 2008/2009, na súa consecuencia, e en cumprimento do disposto polo artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, faise público o seu texto íntegro que é do seguinte tenor literal:

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS DE ENSINO DO CURSO 2008/2009

PRIMEIRA.—OBXECTO

É obxecto das presentes bases regula-la convocatoria do concurso que, en exercicio das súas competencias e de conformidade co disposto na Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, e nos artigos 25 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, efectúa o Concello de Cambados para a concesión de Bolsas de Ensino no curso 2008/2009, como acción de fomento destinada a contribuír ó custo da compra de libros de texto e material didáctico complementario.

SEGUNDA.—FINANCIAMENTO

Para o financiamento deste programa de axudas establécese crédito en contía máxima de 7.000,00 euros na partida 422.481.00 do Orzamento do Concello de Cambados para o exercicio 2009.

TERCEIRA.—BENEFICIARIOS

Poderán solicitar ditas bolsas as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

1º.—Estar domiciliados no Concello de Cambados e ser fillos de pais veciños deste Concello. Asemade terán dereito a ditas axudas os descendentes de cambadeses inscritos nos censos de emigrantes residentes ausentes (C.E.R.A)

2º.—Cursar estudos universitarios e ciclos formativos de grao superior fora da comarca.

3º.—Pertencer á unidade familiar con ingresos anuais (parte xeral da base imponible previa a aplicación do mínimo persoal e familiar) non superiores á suma de 24.000,00 euros netos (ou o equivalente a 9.000 €/ano para os residentes de fora da U.E) se ben no caso de familias numerosas incrementárase o umbral en 602 euros a partir do terceiro fillo.

CUARTA.—SOLICITUDES

As solicitudes para tomar parte no concurso deberán presentarse nas oficinas do centro sociocultural A Merced (2º piso) en horario de mañá (de 10:00 a 14:00 horas), no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a súa publicación no BOP, debendo axuntar os seguintes documentos:

- Fotocopia do D.N.I do solicitante ou fotocopia do pasaporte.
- Fotocopia do libro de familia
- Fotocopia ou resgardo da matrícula para o curso 2008/2009 e expediente completo da carreira.
- Certificado de imputacións do I.R.P.F de tódolos membros da unidade familiar obrigados a presentala declaración da renda, ou certificación da Delegación de Facenda de estar exentos da mesma.

No caso de exención legal de efectuar dita declaración presentarase Certificación de Facenda dos ingresos obtidos pola unidade familiar no ano anterior. Os residentes ausentes ou emigrantes presentaran, no caso anterior, certificación da empresa ou entidade na que traballen acreditativa das retribucións íntegras anuais que perciban.

- Certificación bancaria onde conste o nº de conta bancaria onde se poida facer no seu caso, o pagamento da bolsa.
- Recibo de pagamento do aluguer da vivenda habitual da unidade familiar, se è o caso.
- Certificado de empadroamento municipal.
- Certificado de convivencia no que conste o alumno. Se este certificado xa inclúe o de empadroamento, non será necesario a expedición individual do mesmo. Para o caso dos emigrantes, requirirase a acreditación de inscrición no censo de emigrantes residentes ausentes.

As solicitudes presentadas serán revisadas e examinadas polos servizos técnicos municipais dentro do prazo máximo de 10 días, contados a partir do remate de presentación de solicitudes, e os defectos que se aprecien nas mesmas serán comunicados ós interesados para que no prazo de 15 días procedan á enmenda dos mesmos.

#### QUINTA.—BAREMO

A estimación de méritos dos solicitantes efectuarase segundo os criterios do seguinte baremo:

- a) Expediente académico.—Será requisito indispensable para poder solicitar ditas axudas ter aprobado alomenos a metade das asignaturas do curso inmediatamente anterior.

No suposto de terse matriculado en asignaturas de distintos cursos, o número das mesmas non poderá ser inferior a catro, exceptuando as de fin de carreira.

Por cada sobresaínte obtido: 0,50 puntos.

Por cada notable: 0,25 puntos.

- b) Ingresos familiares.—Tómase como ingreso familiar a base imponible da Declaración do I.R.P.F dos pais ou titores cos que conviva o alumno, ou declaración xurada do solicitante, no seu caso, ponderándose do seguinte xeito:

- Ingresos netos, ata 12.000 euros (2 puntos)
- De 12.001 euros ata 24.000 euros (1 punto)

Os peticionarios con ingresos superiores a 24.000 euros netos (cando teñan residencia efectiva na Unión europea, e ó equivalente a 9.000 €/ano para os residentes de fóra da U.E) non terán dereito a bolsa coa salvedade prevista na cláusula terceira para familias numerosas.

- c) Nº de membros da unidade familiar (pais e irmás menores de 25 anos).—Por cada membro integrante da unidade familiar do solicitante: 0,5 puntos.

Considérase a estes efectos familia e membros da unidade familiar ós pais ou titores, ós fillos menores de 18 anos que non estean traballando e ós maiores de idade que estean estudando e non sobrepasen os 25 anos.) Condicións familiares do solicitante.-

- Ser orfos absolutos (3 puntos)
- Pertencer á familia da que a persoa principal sexa viúvo/a, pai ou nai solteiro/a, divorciado/a ou separado/a legalmente ou de feito. (2 puntos)
- Pertencer á familia na que algún dos membros (pais o irmáns) esté afectado de minusvalía legalmente calificada (1 punto)

Soamente en casos excepcionais de carencia económica adxudicárase máis dunha bolsa por familia, segundo o crea convinte a Comisión Calificadora, adxudicándose como número máximo 4 becas por familia.

A prioridade na selección dos solicitantes, nos casos de empate, virá determinada por esta orde: a prol da menor capacidade económica, a prol das calificacións académicas e a prol da carencia ou menor percepción de axudas doutras entidades e organismos públicos ou privados.

#### SEXTA.—VALORACIÓN DOS MÉRITOS

Para a cualificación de méritos, a Comisión Informativa de Educación, Sanidade e Servizos Sociais no prazo de 7 días examinará as instancias e elevará proposta a Xunta de Goberno Local por orde de preferencia para a adxudicación das bolsas.

#### SÉTIMA.—ADXUDICACIÓN

A adxudicación das bolsas efectuarase por acordo da Xunta de Goberno Local, previo ditame da Comisión de Educación, Sanidade e Servizos Sociais. O acordo resolutorio do concurso publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello e o mesmo será recorrible nos casos e forma establecidos nas disposicións legais vixentes.

#### OITAVA.—XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento das bolsas efectuarase ós beneficiarios ou ós seus representantes legais, unha vez resolto o concurso, cos seguintes requisitos:

Presentación de facturas do exercicio con todos os requisitos regulamentarios, xustificativas de haber adquirido libros e material didáctico complementario por importe igual ou superior á contía outorgada. Asemade, admitiranse xustificantes de gastos de desprazamento (bonos transporte...) e aluguer de vivenda.

O incumprimento de dita obriga ou a falsidade ou ocultación de datos determinará, sen prexuízo de que o Concello exercite as accións oportunas contra os responsables, a exclusión deles de futuras convocatorias de bolsas municipais.

Prazo.—A xustificación deberá facerse antes do 15 de setembro do ano 2009; de non facerse así entenderase caducada a subvención.

#### NOVENA.—INFRACCIÓN E SANCIÓN

O réxime de infraccións e sancións será o establecido no Título IV da Lei 38/2003.

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, ou o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non

sexan complementarias con cargo a créditos doutras Administracións Públicas, constituirán causa determinante para a revogación da subvención concedida, coa seguinte devolución dos créditos obtidos.

Igualmente, o falseamento ou ocupación dos datos esixidos nas correspondentes convocatorias, así como a aplicación da prestación a fins distintos dos previstos, dará lugar á cancelación da subvención e a obriga do reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza no previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

Cambados, 2 de xuño de 2009.—O Alcalde, Luis Aragunde Aragunde. **2009006287**

\* \* \*

## COTABADE

### ANUNCIO DE CORRECCION DE ERROS

Visto o anuncio publicado no BOP de data 09/06/09 referido á obra “Terminación de acondicionamento de diversos camiños”, OBSERVADO un erro no mesmo, corríxese dito anuncio e onde pon, “Clasificación: GRUPO E SUBGRUPO 6 CATEGORIA D.” Debe dicir “Clasificación: GRUPO G SUBGRUPO 6 CATEGORIA D”.

Cotobade, 9 de xuño de 2009.—O alcalde, Manoel Loureiro Adan. **2009006262-R**

\* \* \*

## A ILLA DE AROUSA

### A N U N C I O

A Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión celebrada en data 20 de maio de 2009, acordou aprobar as bases reguladoras da convocatoria para a cobertura, con carácter definitivo, de unha praza vacante na plantilla de persoal funcionario, pertencente á escala de administración xeral, subescala auxiliar e ca denominación de Auxiliar de Biblioteca, polo sistema de concurso-oposición e quenda libre, o que en cumprimento do disposto no artigo 6 do RD 896/1991, de 07 de xuño, faise público, ós efectos procedentes:

“*BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE, DE UNHA PRAZAS VACANTE NA PLANTILLA DE PERSOAL FUNCIONARIO, CA DENOMINACIÓN DE AUXILIAR DE BIBLIOTECA, DO CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA.*”

### PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria é a cobertura en propiedade de unha praza de Auxiliar de Biblioteca, vacante na plantilla de persoal funcionario deste Concello, polo sistema de concurso-oposición, e quenda libre.

A citada praza inclúese na Oferta de Emprego Público correspondente ó ano 2008, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 25 de novembro de 2008 e publicada no Diario Oficial de Galicia nº 246 de 19 de decembro de 2008, cas seguintes características:

- Grupo segundo artigo 76 e Disposición Transitoria Terceira da Lei 7/2007, de 12 de abril: C2.
- Clasificación: Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar.
- Denominación: Auxiliar de Biblioteca.
- Número de vacantes: 1

O Tribunal responsable da selección no poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ó de prazas convocadas.

### SEGUNDA: PUBLICIDADE

As presentes Bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello de A Illa de Arousa, insertándose anuncio no Diario Oficial de Galicia ós efectos previstos no artigo 232.5 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, e artigo 21.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Así mesmo publicarase anuncio no Boletín Oficial do Estado nos termos previstos no artigo 6.2 do RD 896/1991, de 07 de xuño, a efectos do cómputo do prazo de presentación de solicitudes polos aspirantes que participen no proceso selectivo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Edictos do Concello de A Illa de Arousa, con excepción da resolución pola que se designe ó Tribunal de selección e a data do primeiro exercicio, que se insertará no Boletín Oficial da Provincia, ós efectos oportunos.

### TERCEIRA: RÉXIME XURÍDICO

O presente proceso selectivo rexerá polas presentes bases e convocatoria, e no non previsto nelas, pola seguinte normativa:

- Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 4/1988, de 26 de maio, modificada pola Lei 13/2007, da Función Pública de Galicia.
- Lei 7/1985, de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Vixentes en materia de Réxime Local.
- Real Decreto 896/1991, de 07 de xuño, polo que se aproban as regras básicas e programas mínimos ós que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, nos preceptos non derogados pola normativa anterior.
- Acordo Marco e Convenio Colectivo do Persoal do Concello de A Illa de Arousa, publicado no BOP nº 65 de 04 de abril de 2008.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- Supletoriamente e no non previsto nas presentes Bases e na anterior normativa, polo Decreto 93/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Provisión de Postos de Traballo, Promoción Profesional e Promoción Interna da Xunta de Galicia, naqueles artigos non derogados pola citada normativa.

#### CUARTA: FUNCIONES

Segundo a relación de postos de traballo, son funcións propias deste posto de traballo:

- Permanencia na biblioteca.
- Atención ó público.
- Préstamo de libros e demais propias do cargo.
- Confección e presentación anual da memoria de actividades.
- Auxiliar de servicios administrativos.
- Control de préstamo.
- Estatística (libros lidos e temáticas preferidas tendo en conta as idades, sexo, etc.).
- Transcrición mecánica de fichas.
- Ordenación de ficheiros.
- Mantemento e control de listas de socios (altas - baixas).
- Reclamacións.
- Copias e uso de fotocopiadoras.
- Organización de actos culturais, premios .....
- Tramitación de solicitudes de subvención.
- Organización de tarefas de carácter ocupacional, ocio e tempo libre.
- Coordinación dos recursos asignados á súa área de actuación.

#### QUINTA: REQUISITOS DOS ASPIRANTES

De conformidade co establecido nos artigos 18 e 56 da Lei 7/2007, de 12 de abril, para poder partici-

par no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos no día de remate do prazo de presentación de instancias e conservalos ata as datas de nomeamento e toma de posesión do posto de traballo:

- Ser español ou posuir a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados ós que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo elo nos termos dos artigos 56 e 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos e cargos públicos por resolución xudicial.
- Non estar incurso nas causas de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na normativa vixente.
- Posuír o título de Graduado Escolar, Graduado en ESO, FP-1 ou equivalente.

#### SEXTA: PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida ó Sr. Alcalde-Presidente do Concello de A Illa de Arousa, de acordo con modelo que se facilitará no Concello e que figura como Anexo II das presentes Bases. A instancia conterá, polo menos, os datos persoais do solicitante co seu enderezo e a denominación da praza convocada á que opta, achegándolle unha fotocopia autenticada do documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade equivalente, e, no seu caso, da documentación acreditativa dos méritos alegados debidamente compulsados.

Neste senso, na fase de concurso só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias así como os méritos alegados dentro deste prazo que fosen xustificadas con posterioridade no prazo de emenda de defectos formais.

Os aspirantes exentos do exame de galego deberán tamén facelo constar na súa instancia e xustifi-

calo coa documentación á que fai referencia a base décima II.

Para ser admitido nas probas selectivas os aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación.

O prazo para presentar as solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, mediante extracto, e previa publicación do texto íntegro das bases e a convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia.

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no rexistro xeral do Concello de A Illa de Arousa, ben en calquera das formas establecidas no art. 38.4 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; as solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de ser certificadas.

As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse, no prazo sinalado, a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que as remitirán seguidamente ó organismo competente.

Os aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude e, no seu caso, solicitarán as posibles adaptacións de tempo e de medios para a realización dos exercicios nos que a adaptación fose necesaria.

Os aspirantes quedan vinculados ós datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

A documentación acreditativa dos méritos que aleguen posuír para a súa valoración na fase de concurso deberá presentarse, debidamente compulsada, nos termos e condicións que se sinalan na base duodécima.

#### *SÉTIMA: DEREITOS DE EXAME*

Será requisito necesario para participar nas probas selectivas aboar, dentro do prazo de presentación de instancias, os dereitos de exame e os gastos de tramitación que, no seu caso, determine a entidade bancaria, que poderán satisfacerse directamente na Tesourería do Concello, ou ben mediante xiro postal, telegráfico ou transferencia bancaria dirixida ó Concello de A Illa de Arousa; de non realizarse o pagamento directamente na Tesourería municipal o solicitante fará constar na súa instancia a data do xiro ou da transferencia e o número do resgardo.

O aspirante, para poder participar en cada unha das probas selectivas convocadas, deberá aboar en concepto de dereitos de exame a cantidade de 15,00 euros.

En ningún caso a mera presentación e o pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e en forma da solicitude, segundo o disposto na base quinta.

Os dereitos de exame reintegraráselles de oficio ós interesados que sexan excluídos definitivamente da lista de admitidos.

#### *OITAVA: ADMISIÓN DE ASPIRANTES*

Finalizado o prazo dos vinte días naturais fixado para presentar as solicitudes o Sr. Alcalde-Presidente dictará resolución, no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos, especificando, no seu caso, os motivos de exclusión, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dez días, contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá dictarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas ca publicación da lista definitiva no taboleiro de anuncios municipal.

Contra a resolución do Alcalde-Presidente, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 107 e 117 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro) ou ben un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ós interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen as probas selectivas.

#### *NOVENA: TRIBUNAL CUALIFICADOR*

Os membros do Tribunal cualificador do proceso selectivo serán designados polo Alcalde-Presidente mediante Resolución que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios municipal. As modificacións sucesivas, no seu caso, publicaranse no taboleiro de anuncios municipal.

A composición do Tribunal axustarase ó disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, e no

que non contradiga o citado precepto, ó disposto nos artigos 4 e) e f) do RD 896/1991, de 07 de xuño, así como ás previsións do Acordo Marco e Convenio Colectivo do Persoal do Concello de A Illa de Arousa.

O número de membros haberá de ser impar e non inferior a cinco e tenderase na medida do posible, a que haxa paridade entre mulleres e homes, e deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso ó posto de traballo.

A pertenza ó tribunal de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal cualificador quedará constituído da seguinte forma:

Presidente: Un funcionario do Concello de A Illa de Arousa.

- Vocais: Tres funcionarios do Concello de A Illa de Arousa con titulación igual ou superior á esixida para o acceso ó posto de traballo.
- Actuará de Secretario do Tribunal, con voz e voto, o funcionario con habilitación de carácter estatal do Concello de A Illa de Arousa.

O Tribunal quedará integrado ademais, en cada caso, cos respectivos suplentes, que haberán de ser designados simultaneamente ós titulares.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle ó Sr. Alcalde-Presidente cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, así como cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/1992.

O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe o Alcalde-Presidente, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros do tribunal, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva do tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partir da sesión de constitución o tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ó disposto na Lei 30/1992 de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común e ás bases reguladoras desta convocatoria.

Os membros do tribunal que asistan ás sesións percibirán as indemnizacións pola súa asistencia

segundo a contía legalmente establecida, de acordo co RD 462/2002, de 24 de maio, de Indemnizacións por razón do servicio.

#### DÉCIMA: PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN

##### I. Fase de Concurso

Con carácter xeral, a fase de concurso será previa á de oposición e non terá carácter eliminatorio. A puntuación obtida nesta fase en ningún caso poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición.

A fase de concurso será puntuada de 0 a 10 puntos como máximo, e a puntuación obtida sumárase á que corresponda na fase de oposición.

O baremo do concurso será o seguinte:

- a) Antigüidade na Administración Pública Local desempeñando funcións de Auxiliar de Biblioteca: por cada mes 0,075 puntos, ata un máximo de 6 puntos.
- b) Cursos de formación e perfeccionamento: pola participación en cada curso relacionado coas funcións a desenvolver, impartido polo INAP, pola EGAP ou calquera outro centro oficial autorizado para impartilos, incluídos os organizados ou promocionados pola corporación de que se trate; esta fase será puntuada cun máximo de 3 puntos.
  - Por cada curso de 60 horas de duración como mínimo, e se esta non figurase, de 10 xornadas como mínimo: 0,60 puntos.
  - Por cada curso entre 30 e 59 horas de duración como mínimo, ou de 5 a 9 xornadas como mínimo, 0,50 puntos.
  - Por cada curso de 10 a 29 horas de duración como mínimo, ou de 2 a 4 xornadas como mínimo, 0,40 puntos.
- c) Coñecemento do idioma galego:
  - Por superar o curso de iniciación; 0,25 puntos
  - Por superar o curso de perfeccionamento: 0,75 puntos

A acreditación dos servicios prestados efectuarase aportando xunto ca instancia, certificación orixinal expedida polo servicio competente do Concello, na que se conteña en todo caso o tempo de servicios prestados. Para o cómputo dos servicios prestados non se terán en conta as fraccións de tempo inferior a un mes.

A cualificación dos méritos da fase de concurso cas puntuacións outorgadas polo tribunal publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello antes da terminación da fase de oposición.

## II. Fase de oposición

Consistirá na realización dos seguintes exercicios:

— Primeiro exercicio obrigatorio e eliminatorio: Consistirá en responder por escrito a un cuestionario tipo test, de 40 preguntas con catro posibles respostas, sobre materias relacionadas co temario que figura como Anexo I das presentes bases, dispoñendo dun tempo de sesenta minutos para a súa realización. Este exercicio puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesarios a lo menos 5 puntos para superalo.

— Segundo exercicio obrigatorio e eliminatorio: De carácter práctico, que consistirá na realización dun suposto práctico relacionado con tarefas propias do posto de traballo dispoñendo dun tempo dunha hora para a súa realización. Este exercicio puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesarios a lo menos 5 puntos para superalo.

— Exercicio sobre coñecemento do idioma galego, obrigatorio e non eliminatorio, consistente na tradución dun texto de castelán a galego ou viceversa, e que se puntuará como máximo con 2 puntos. Estarán exentos da realización deste exercicio os que acrediten posuír o diploma do curso de iniciación en lingua galega, que se cualificarán ca puntuación máxima de 2 puntos. O tempo para a realización deste exercicio será de trinta minutos.

### DÉCIMOPRIMEIRA: NORMAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA FASE DE OPOSICIÓN

A data e hora na que deberá constituírse cada tribunal, así como o día e a hora para o comezo do primeiro exercicio das probas selectivas convocadas serán determinados pola Alcaldía-Presidencia mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista de admitidos e a composición do tribunal, que se publicará mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios polo menos con quince días de antelación.

Os aspirantes convocaranse para cada exercicio nun único chamamento, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non comparezan a realización, salvo os casos debidamente xustificadas, que resolverá o tribunal.

Os aspirantes deberán presentarse para realizar cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles.

En calquera momento o tribunal poderá requirir ós opositores para que acrediten a súa identidade.

Na realización e corrección dos exercicios escritos garantirase o anonimato, podendo utilizar o tribunal os medios que considere oportunos.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia do interesado, deberá propoñerlle ó Sr. Alcalde-Presidente a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

Concluído cada un dos exercicios da oposición correspondente, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios, a relación de aspirantes que o superasen, indicando a puntuación obtida. Os opositores non incluídos na lista terán a consideración de “non aptos”.

A relación de aprobados en cada exercicio deberá publicarse no taboleiro de anuncios, polo menos con 12 horas de antelación á nova reunión do tribunal cando se trate do mesmo exercicio e con 24 horas de antelación cando se trate dun novo exercicio.

Dende o momento en que remate un exercicio ou proba ata que empece o seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 72 horas e un máximo de 45 días naturais.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo dealzada ante a autoridade que os nomeou, segundo o previsto no artigo 114.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

### DECIMOSEGUNDA: CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS

Á cualificación obtida polos aspirantes, resultante da suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercicios obrigatorios e eliminatorios, sumaráselle a que corresponda ós exercicios obrigatorios non eliminatorios e dos voluntarios realizados e, no seu caso, a puntuación obtida na fase de concurso, acadándose así a puntuación final.

Determinada a cualificación final dos aspirantes o tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios da corporación.

O tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou as probas selectivas un número superior de aspirantes ó das prazas convocadas en cada proceso selectivo. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

Non obstante, o tribunal, ó cualificar cada un dos exercicios, non terá en conta a limitación anterior, que só se considerará ó formularlle á Presidencia a proposta coa relación de aprobados, na que só se incluírán aqueles opositores que obtivesen a maior puntuación total final, que nunca poderán superar o número de prazas convocadas en cada proceso selectivo.

No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida na fase de oposición, e de persistir o empate, pola maior puntuación no apartado de experiencia profesional. De continuar o empate resolverase tendo en conta a maior puntuación no primeiro exercicio e, se isto non fose suficiente, pola puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva. De persistir o empate este resolverase por sorteo.

*DÉCIMOTERCEIRA. PRESENTACIÓN  
DE DOCUMENTOS POLO ASPIRANTE  
APROBADO*

A relación de aprobados, publicada no taboleiro de anuncios do Concello, conterá unha advertencia recordándolles ó aspirante aprobado que deberá presentar a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpre os requisitos esixidos para acceder á praza convocada.

O aspirante proposto achegarán, dentro do prazo de 20 días naturais, contados desde a publicación da relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e mais os requisitos esixidos na base cuarta da convocatoria.

Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, o aspirante poderá acreditar que reúne as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

Quen non presentase a documentación sinalada anteriormente dentro do prazo fixado, salvo causa de forza maior, non poderá ser nomeado funcionario de carreira, nin tampouco se do exame da documentación se deducise que carece dalgúns requisitos.

*DÉCIMOCUARTA. NOMEAMENTO DE  
FUNCIONARIO E TOMA DE POSESIÓN*

Concluído o proceso selectivo, o aspirante aprobado, cun número que non poderá exceder en ningún caso o das prazas convocadas, será nomeado funcionario de carreira pola Alcaldía-Presidencia, unha vez que xustifique documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases para o ingreso.

A proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Presidencia, que ordenará a publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa toma de posesión, unha vez que se practique a notificación persoal de nomeamento.

A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo de tres días hábiles, contado desde o día seguinte ó da notificación do nomeamento; de non facelo, sen existir causa xustificada, que deberá ser

alegada e aceptada, os nomeados quedarán na situación de cesantes.

*DÉCIMOQUINTA. CARÁCTER VINCULANTE  
DAS BASES*

Estas bases vinculan á Administración municipal, ó tribunal cualificador e ós aspirantes que participen no proceso selectivo.

*DÉCIMOSEXTA. INCIDENCIAS*

O tribunal queda autorizado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

**ANEXO I  
PROGRAMA DO EXERCICIO DA OPOSICIÓN**

Tema 1: A Constitución Española de 1.978. Estructura e contido. Principios xerais. Dereitos fundamentais e liberdades públicas.

Tema 2: A organización territorial do Estado na Constitución. Principios xerais. As Comunidades Autónomas.

Tema 3: A Comunidade Autónoma de Galicia. O Estatuto de Autonomía. Estructura e principios fundamentais.

Tema 4: A Administración Local. O municipio. O termo municipal. A poboación. Réxime de organización e funcionamento. As competencias municipais. Dereitos e deberes dos veciños.

Tema 5: O acto administrativo: concepto, clases e elementos. Requisitos dos actos administrativos. A obriga de resolver e actos presuntos. Eficacia dos actos administrativos. Nulidade e anulabilidade.

Tema 6: O procedemento administrativo local. Principios xerais. Fases do procedemento: iniciación, ordenación, instrucción e finalización. A revisión dos actos administrativos. Os recursos administrativos.

Tema 7: Persoal ó servicio das Entidades Locais. Clasificación. Situacións administrativas. Dereitos e deberes. Réxime disciplinario.

Tema 8: Clases de bibliotecas. A biblioteca pública. As bibliotecas públicas municipais. Concepto e funcións. Servicios que debe prestar unha biblioteca pública municipal.

Tema 9: O proceso técnico nas bibliotecas: Rexistro, selado, catalogación, clasificación e ordenación de fondos.

Tema 10: Servicio ós usuarios: información, préstamo e extensión bibliotecaria. Formación de usuarios.

Tema 11: Promoción da lectura. Elementos implicados na animación á lectura.

Tema 12: Internet e as bibliotecas.

Tema 13: Cooperación bibliotecaria. Sistemas e redes de bibliotecas.

Tema 14: Panorámica actual da literatura infantil e xuvenil de Galicia.

Tema 15: Documentos. Definición de arquivo. Clases de arquivos.

Tema 16: O municipio de A Illa de Arousa. Principais aspectos da súa historia, xeografía, cultura e festexos. O Concello de A Illa de Arousa: Organización. Servicios públicos locais.

## ANEXO II

MODELO DE SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO CONCURSO-OPOSICIÓN, QUENDA LIBRE PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER DEFINITIVO DE UNHA PRAZA DE AUXILIAR DE BIBLIOTECA VACANTE NA PLANTILLA DE FUNCIONARIOS DO CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA

D./Dña. ...., con data de nacemento ....., con D.N.I. nº....., e con domicilio en..... (teléfono ....., ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de A Illa de Arousa, comparece e di:

- a) Que coñece e acepta as Bases que van a rexer no concurso-oposición e quenda libre para a provisión con carácter definitivo de unha praza de Auxiliar de Biblioteca, vacante na plantilla de funcionarios deste Concello.
- b) Que desexa ser admitido/a ás probas selectivas ó obxecto de prover a citada praza.
- c) Que o solicitante reúne todos e cada un dos requisitos establecidos na convocatoria, comprometéndose a aportar no seu momento a documentación esixida ó efecto.
- d) Que adxunta á presente:
  - Copia compulsada do D.N.I.
  - Xustificante de haber ingresado a cantidade correspondente ós dereitos de exame.
  - Relación de méritos para a fase de concurso.

Por todo o exposto,

Solicito se teña por presentada esta solicitude e sexa admitido/a ás probas selectivas para a provisión con carácter definitivo de unha praza de Auxiliar de Biblioteca vacante na plantilla de funcionarios do Concello de A Illa de Arousa.

A Illa de Arousa, a ..... de ..... de 2009  
Asdo.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA (PONTEVEDRA).””

Na Illa de Arousa, a 21 de maio de 2009.—O Alcalde, José Manuel Vázquez Vázquez. 2009006332

## A N U N C I O

A Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión celebrada en data 20 de maio de 2009, acordou aprobar as bases reguladoras da convocatoria para a cobertura, con carácter definitivo, de dúas prazas vacantes na plantilla de persoal laboral, pertencentes ó Persoal de Oficios e ca denominación de operarios de servizos múltiples, polo sistema de oposición e quenda libre, o que en cumprimento do disposto no artigo 6 do RD 896/1991, de 07 de xuño, faise público, ós efectos procedentes:

“*BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE, DE DÚAS PRAZAS VACANTES DA PLANTILLA DE PERSOAL LABORAL, CA DENOMINACIÓN DE OPERARIO DE SERVICIOS MÚLTIPLES, DO CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA*

### PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria é a cobertura en propiedade de dúas prazas de Operario de Servizos Múltiples, vacantes na plantilla de persoal laboral deste Concello, polo sistema de oposición, quenda libre.

As citadas prazas inclúense na Oferta de Emprego Público correspondente ó ano 2008, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 25 de novembro de 2008 e publicada no Diario Oficial de Galicia nº 246 de 19 de decembro de 2008, cas seguintes características:

- Grupo segundo o convenio colectivo: Agrupación de profesionistas (anterior grupo E).
- Categoría: Persoal de Oficios.
- Denominación: Operario de Servizos Múltiples.
- Número de vacantes: 2

O Tribunal responsable da selección no poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ó de prazas convocadas.

### SEGUNDA: PUBLICIDADE

As presentes Bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello de A Illa de Arousa, insertándose anuncio no Diario Oficial de Galicia ós efectos previstos no artigo 232.5 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, e artigo 21.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Así mesmo publicárase anuncio no Boletín Oficial do Estado nos termos previstos no artigo 6.2 do RD 896/1991, de 07 de xuño, a efectos do cómputo do prazo de presentación de solicitudes polos aspirantes que participen no proceso selectivo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Edictos do Concello de A Illa de Arousa, con ex-

cepción da resolución pola que se designe ó Tribunal de selección e a data do primeiro exercicio, que se insertará no Boletín Oficial da Provincia, ós efectos oportunos.

#### TERCEIRA: RÉXIME XURÍDICO

O presente proceso selectivo rexeráse polas presentes bases e convocatoria, e no non previsto nelas, pola seguinte normativa:

- Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 7/1985, de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Vixentes en materia de Réxime Local.
- Acordo Marco e Convenio Colectivo do Persoal do Concello de A Illa de Arousa, publicado no BOP nº 65 de 04 de abril de 2008.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- Supletoriamente e no non previsto nas presentes Bases e na anterior normativa, polo Decreto 93/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Provisión de Postos de Traballo, Promoción Profesional e Promoción Interna da Xunta de Galicia, naqueles artigos non derogados pola citada normativa.

#### CUARTA: FUNCIONES

Segundo a relación de postos de traballo do Concello, son funcións destes postos de traballo:

- Realizarán o seu traballo segundo as necesidades en vías públicas, saneamento, traballos de xardinería, montaxe de palcos, limpeza de locais e calquera outro propio do seu cometido.
- Reparación da traída de augas.
- Reparación e limpeza da rede de sumidoiros.
- Reparación, mantemento e saneamento no colexio público.
- Limpeza de rúas.
- Outras funcións propias do seu posto.

#### QUINTA: REQUISITOS DOS ASPIRANTES

De conformidade co establecido nos artigos 18 e 56 da Lei 7/2007, de 12 de abril, para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos no día de remate do prazo de presentación de instancias e conservalos ata as

datas de nomeamento e toma de posesión do posto de traballo:

- Ser español ou posuír a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados ós que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo elo nos termos dos artigos 56 e 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos e cargos públicos por resolución xudicial.
- Non estar incurso nas causas de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na normativa vixente.

#### SEXTA: PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida ó Sr. Alcalde-Presidente do Concello de A Illa de Arousa, de acordo con modelo que se facilitará no Concello e que figura como Anexo II das presentes Bases. A instancia conterà, polo menos, os datos persoais do solicitante co seu enderezo e a denominación da praza convocada á que opta, achegando a seguinte documentación:

- Fotocopia autenticada do documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade equivalente, expedida polas autoridades competentes en caso de cidadáns comunitarios.
- Acreditación de ter abonado ó Concello os dereitos para poder participar na proba selectiva convocada.

Os aspirantes exentos do exame de galego deberán tamén facelo constar na súa instancia e xustificalo ca documentación á que fai referencia a base décima.

Para ser admitido nas probas selectivas os aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación.

O prazo para presentar as solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, mediante extracto, e previa publicación do texto íntegro das bases e a convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia.

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no rexistro xeral do Concello de A Illa de Arousa, ben en calquera das formas establecidas no art. 38.4 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común; as solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de ser certificadas.

As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse, no prazo sinalado, a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que as remitirán seguidamente ó organismo competente.

Os aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude e, no seu caso, solicitarán as posibles adaptacións de tempo e de medios para a realización dos exercicios nos que a adaptación fose necesaria.

Os aspirantes quedan vinculados ós datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

#### *SÉTIMA: DEREITOS DE EXAME*

Será requisito necesario para participar nas probas selectivas aboar, dentro do prazo de presentación de instancias, os dereitos de exame e os gastos de tramitación que, no seu caso, determine a entidade bancaria, que poderán satisfacerse directamente na Tesourería do Concello, ou ben mediante xiro postal, telegráfico ou transferencia bancaria dirixida ó Concello de A Illa de Arousa; de non realizarse o pagamento directamente na Tesourería municipal o solicitante fará constar na súa instancia a data do xiro ou da transferencia e o número do resgardo.

O aspirante, para poder participar en cada unha das probas selectivas convocadas, deberá aboar en concepto de dereitos de exame a cantidade de 10,00 euros.

En ningún caso a mera presentación e o pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e en forma da solicitude, segundo o disposto na base quinta.

Os dereitos de exame reintegraráselles de oficio ós interesados que sexan excluídos definitivamente da lista de admitidos.

#### *OITAVA: ADMISIÓN DE ASPIRANTES*

Finalizado o prazo dos vinte días naturais fixado para presentar as solicitudes o Sr. Alcalde-Presidente dictará resolución, no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos, especificando, no seu caso, os motivos de exclusión, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dez días, contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá dictarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas ca publicación da lista definitiva no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios municipal.

Contra a resolución do Alcalde-Presidente, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 107 e 117 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro) ou ben un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ós interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen as probas selectivas.

#### *NOVENA: TRIBUNAL CUALIFICADOR*

Os membros do Tribunal cualificador do proceso selectivo serán designados polo Alcalde-Presidente mediante Resolución que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios municipal. As modificacións sucesivas, no seu caso, publicaranse no taboleiro de anuncios municipal.

A composición do Tribunal axustarase ó disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, e no que non contradiga o citado precepto, ó disposto no Acordo Marco e Convenio Colectivo do Persoal do Concello de A Illa de Arousa.

O número de membros haberá de ser impar e non inferior a cinco e tenderase na medida do posible, a que haxa paridade entre mulleres e homes, e deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso ó posto de traballo.

A pertenza ó tribunal de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

O Tribunal cualificador quedará constituido polos membros que a continuación se sinalan, todos eles con voz e voto:

- Presidente: A Arquitecta Municipal do Concello de A Illa de Arousa ou traballador/a en quen delegue.
- Vocais: Tres traballadores do Concello de A Illa de Arousa con titulación igual ou superior á esixida para o acceso ó posto de traballo.
- Actuará de Secretario do Tribunal o Funcionario con habilitación de carácter estatal con destino definitivo no Concello de A Illa de Arousa, ou funcionario en quen delegue.

O Tribunal quedará integrado ademais, en cada caso, cos respectivos suplentes, que haberán de ser designados simultaneamente ós titulares.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle ó Sr. Alcalde-Presidente cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, así como cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/1992.

O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe o Alcalde-Presidente, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros do tribunal, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva do tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partir da sesión de constitución o tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ó disposto na Lei 30/1992 de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común e ás bases reguladoras desta convocatoria.

Os membros do tribunal que asistan ás sesións percibirán as indemnizacións pola súa asistencia segundo a contía legalmente establecida, de acordo co RD 462/2002, de 24 de maio, de Indemnizacións por razón do servizo.

#### *DÉCIMA: SISTEMA DE SELECCIÓN*

O sistema de selección será o de oposición libre e consistirá na realización dos seguintes exercicios:

- Primeiro exercicio obrigatorio e eliminatorio: Consistirá en responder por escrito a un cuestionario tipo test, de 40 preguntas con catro posibles res-

postas, sobre materias relacionadas co temario que figura como Anexo I das presentes bases, dispoñendo dun tempo de 60 minutos para a súa realización. Este exercicio puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesarios a lo menos 5 puntos para superalo.

- Segundo exercicio obrigatorio e eliminatorio: Consistirá nunha proba práctica, que se realizará nun tempo máximo de 30 minutos, na que se demostrará o coñecemento e habilidade para desempeñar as tarefas propias das prazas a ocupar (reparacións, albanelería, nocións básicas de xardinería .....). Este exercicio puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesarios a lo menos 5 puntos para superalo.

- Exercicio sobre coñecemento do idioma galego, obrigatorio e non eliminatorio, consistente na tradución dun texto de castelán a galego ou viceversa, e que se puntuará como máximo con 2 puntos. Estarán exentos da realización deste exercicio os que acrediten posuír o diploma do curso de iniciación en lingua galega, que se cualificarán ca puntuación máxima de 2 puntos. O tempo para a realización deste exercicio será de 30 minutos.

#### *DÉCIMOPRIMEIRA: NORMAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA FASE DE OPOSICIÓN*

A data e hora na que deberá constituírse cada tribunal, así como o día e a hora para o comezo do primeiro exercicio das probas selectivas convocadas serán determinados pola Alcaldía-Presidencia mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista de admitidos e a composición do tribunal, que se publicará mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios polo menos con quince días de antelación.

Os aspirantes convocaranse para cada exercicio nun único chamamento, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non comparezan a realizalo, salvo os casos debidamente xustificadas, que resolverá motivadamente o tribunal.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles.

En calquera momento o tribunal poderá requirir ós opositores para que acrediten a súa identidade.

Na realización e corrección dos exercicios escritos garantirase o anonimato, podendo utilizar o tribunal os medios que considere oportunos.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia do interesado, deberá propoñerlle ó Sr. Alcalde-Presidente a súa exclusión indicando as inexactitu-

des ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

Concluído cada un dos exercicios da oposición correspondente, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios, a relación de aspirantes que o superasen, indicando a puntuación obtida. Os opositores non incluídos na lista terán a consideración de “non aptos”.
